RESOLUCIÓN de XX de XX de 2026, da Dirección Xeral de Xustiza, sobre os horarios e o calendario laboral das oficinas da Administración de xustiza en Galicia para o 2027

A Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, na redacción dada pola Lei orgánica 19/2003, de 23 de decembro, establece no seu artigo 500, punto 1, que a duración da xornada xeral de traballo efectivo en cómputo anual e daquelas xornadas que teñan que ser realizadas en réxime de dedicación especial, así como as súas especificades, será fixada por resolución do órgano competente do Ministerio de Xustiza, logo do informe das comunidades autónomas con competencias asumidas e da negociación coas organizacións sindicais máis representativas.

O punto 2 do citado artigo 500 establece que a duración da xornada xeral semanal será igual á establecida para a Administración Xeral do Estado. Así mesmo, no seu punto 4 dispón que a distribución da xornada e a fixación dos horarios se determinarán a través do calendario laboral que, con carácter anual, aprobará o órgano competente do Ministerio de Xustiza e as Comunidades Autónomas con competencias asumidas, nos seus respectivos ámbitos, tras informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial e a negociación coas organizacións sindicais. O calendario laboral determinarase en función do número de horas anuais de traballo efectivo.

Mediante a Resolución do 15 de setembro de 2026, da Dirección Xeral para a Eficiencia do Servizo Público de Xustiza, pola que se regula a duración da xornada xeral de traballo en cómputo anual e das xornadas especiais en réxime de dedicación especial para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza, o Ministerio de Xustiza procedeu a regular a duración da xornada xeral de traballo e a xornada en réxime de dedicación especial para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza.

Mediante o Decreto 68/2026, de 15 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2027, a Xunta de Galicia determinou as festas da Comunidade para o ano 2027.

En virtude do establecido no artigo 20.1 do Estatuto de Autonomía para Galicia e da transferencia de funcións á Comunidade Autónoma en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, realizada a través do Real Decreto 2397/1996, de 22 de novembro, e asumida pola Xunta de Galicia a través do Decreto 438/1996, o persoal

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa de Madrid, 2-4, 2ª planta
Polígono das Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 217

funcionario do corpo de médicos forenses e dos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial, dependen organicamente da Comunidade Autónoma.

En aplicación da normativa mencionada, e tras a negociación coas organizacións sindicais máis representativas no sector e co informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial do XX de XX de XXXX.

DISPOÑO

Artigo 1. Ámbito de aplicación

Esta resolución será de aplicación ao persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia.

Artigo 2. Xornada e horario de traballo na Administración de Xustiza

1. A duración da xornada xeral de traballo na Administración de Xustiza será a que determine, en cómputo anual, o órgano competente do Ministerio de Xustiza. Na Resolución do 15 de setembro de 2026, da Dirección Xeral para a Eficiencia do Servizo Público de Xustiza, pola que se regula a duración da xornada xeral de traballo en cómputo anual e das xornadas especiais en réxime de dedicación especial para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza, quedou establecida en 1.512 h en cómputo anual.

2. Os horarios de traballo, sen prexuízo de respectar sempre o horario de audiencia pública, serán os que se determinan nesta resolución. Non obstante, a prestación do servizo de garda farase efectiva nos réximes de presenza e dispoñibilidade e nos horarios previstos na súa normativa específica.

3. Poderán autorizarse prolongacións de xornada ata completar as 40 horas semanais en cómputo mensual de traballo efectivo na xornada de inverno e 37,5 horas semanais en cómputo mensual na xornada de verán. As prolongacións de xornada serán solicitadas polos directores/as dos servizos comúns ou asimilados de forma xustificada en función da carga de traballo do órgano e serán concedidas por tempo limitado, estando suxeitas ao cumprimento dos obxectivos sinalados na solicitude. Das prolongacións de xornada concedidas serán informadas de forma periódica as organizacións sindicais presentes na mesa sectorial.

Artigo 3. Horario de atención directa á cidadanía e aos profesionais

1. Fixado o horario de audiencia pública na forma establecida no artigo 188 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, o horario de atención ao público e aos profesionais nas oficinas xudiciais e nos demais servizos da Administración de Xustiza será, con carácter xeral, de 9.00 a 14.00 horas, respectando en todo caso o horario fixado de audiencia pública, e darase a coñecer de forma ostensible na parte exterior das distintas oficinas xudiciais.

2. No caso dos servizos comúns que conserven a función de recepción e rexistro de escritos, o horario ampliarase ata as 15.00 horas, de luns a venres, para respectar o disposto no artigo 135.5 da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

3. No caso das oficinas do Rexistro Civil da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra, o horario de apertura destas unidades será ininterrompido, de 9.00 a 18.00 horas, de luns a venres, e de 10.00 a 13.00 horas, os sábados, de acordo coa Resolución de 3 de decembro de 2025, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se regula o horario especial e as condicións de traballo nas oficinas xerais do Rexistro Civil da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra. A atención directa á cidadanía organizarase a través de quendas voluntarias e incentivadas de conformidade co artigo 6 desta resolución.

Artigo 4. Xornada e horarios xerais

1. Con carácter xeral, nas oficinas e servizos da Administración de Xustiza en Galicia, a xornada prestarase en xornada continua, cunha duración mínima de 35 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual, o que equivale a 1.512 horas anuais.

2. Polas mañás, de luns a venres, realizarase a parte fixa do horario, que consistirá en 5 horas e 30 minutos diarias continuadas de obrigada presenza, respectando en todo caso o horario de audiencia pública de 9.00 a 14.00 horas, que se deberán realizar, a elección do/a empregado/a público, de luns a venres, entre as 8.30 e as 14.30 horas.

3. Para respectar o disposto no artigo 135.5 da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de axuizamento Civil, en canto á presentación de escritos, nas unidades previstas no artigo 3.2 desta resolución organizaranse quendas para garantir a permanencia ata as 15.00 horas do persoal funcionario preciso para realizar as funcións de recepción e rexistro de escritos.

4. A parte flexible do horario distribuirase, a elección do/a empregado/a público, ata alcanzar o tempo de traballo mensual previsto e respectando o establecido no apartado 2 deste artigo, entre as 7.30 e as 20.00 horas.

5. En ningún caso o cumprimento dos horarios previstos nos artigos 5 e 8 desta resolución suporá un menoscabo na xornada xeral en cómputo anual, para o cal se establece unha bolsa de horas.

Artigo 5. Xornadas e horario de verán

1. Durante o período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro, ambos inclusive, establécese unha xornada intensiva de 32 horas e media semanais, con tempo fixo continuado de obrigada presenza de cinco horas e media, que se deberán realizar, a elección do/a empregado/a público, de luns a venres, entre as 8.30 e as 14.30 horas.

   O resto, ata cumprir o total do tempo de traballo mensual e respectando o establecido no parágrafo primeiro deste artigo, en horario flexible que se poderá realizar, de luns a venres, entre as 7.30 e as 17.30 horas.

2. Durante o dito período será de aplicación o previsto no artigo 4.3 desta resolución para garantir, ata as 15.00 horas, a presentación de escritos prevista no artigo 135.5 da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

Artigo 6. Horario especial das oficinas do Rexistro Civil das cidades

1. O persoal que preste servizos nas unidades previstas no artigo 3.3 da presente resolución poderá optar voluntariamente por unha xornada de mañá e tarde incentivada economicamente.

2. Esta xornada cumprirase mediante a presenza obrigada do persoal entre as 9.00 e as 14.30 horas, de luns a venres, e realizando, ademais, 7 horas e media semanais que se prestarán, en quendas, de luns a venres, dende as 14.30 ata as 18.00 horas, e os sábados, de 10.00 ata as 13.00 horas.

3. O persoal funcionario que, en función da distribución da quenda, realice unha xornada das 9.00 ata as 18.00 horas, interromperá obrigatoriamente o seu traballo durante unha hora, entre as 14.30 e as 16.30 para a comida. Este descanso, que non se

computará como tempo de traballo, organizarase tamén en quendas, de modo que se garanta a apertura ininterrompida da oficina dende as 9.00 ata as 18.00 horas.

4. As relacións de postos de traballo recollerán os postos de traballo en que resulte aplicable este réxime horario.

Artigo 7. Horario incentivado de mañá e tarde

1. As relacións de postos de traballo recollerán os postos de traballo con xornada de mañá e tarde, voluntaria e incentivada economicamente.

2. Esta xornada determinará a presenza obrigada do persoal entre as 9.00 e as 14:30 horas, de luns a venres, e a realización, ademais, de sete horas semanais de traballo en xornada vespertina, que se prestarán nas franxas horarias que se determinarán para cada posto de traballo.

Artigo 8. Xornadas reducidas de ámbito autonómico e local

1. Os cinco días de xornada reducida por festividades tradicionais determinaranse tras a negociación coas organizacións sindicais. Durante estes días realizarase un horario de 9.00 a 14.00 horas.

2. Será aplicable durante os días de xornada reducida o previsto no artigo 4.3 desta resolución, co obxecto de atender o disposto no artigo 135.5 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil. O persoal que no seu cumprimento non poida desfrutar dun ou varios días de xornada reducida por estar integrado na quenda que debe garantir a apertura da oficina ata as 15.00 horas, poderá desfrutar da xornada reducida de 9.00 a 14.00 os días que correspondan durante a semana seguinte.

Artigo 9. Pausa diaria

Durante a xornada de mañá desfrutarase dunha única pausa por un período de 30 minutos, que computará como traballo efectivo. Esta interrupción non poderá afectar á prestación de servizos.

Artigo 10. Días 24 e 31 de decembro

Os días 24 e 31 de decembro permanecerán pechadas as distintas unidades con excepción dos servizos de garda. Cando os ditos días coincidan en festivo, sábado ou día non laborable, compensarase cada día cun día adicional de permiso por asuntos particulares.

Artigo 11. Dilixencias de carácter urxente e asistencia en sábados

1. No caso de que haxa que atender dilixencias de carácter urxente e inaprazable, os/as fiscais xefes/as, o/a director/a e subdirectores/as do IMELGA ou os directores/as dos servizos comúns correspondentes, segundo o caso, impartirán as ordes e instrucións que consideren pertinentes, por escrito e de forma motivada para cada caso concreto, co fin de garantir que estas sexan realizadas polo persoal funcionario, con cargo ao horario flexible e coas compensacións que se establezan por resolución do órgano competente.

2. As ordes e instrucións previstas no apartado anterior serán comunicadas aos servizos de xustiza dos departamentos territoriais aos efectos da incorporación das compensacións horarias correspondentes no sistema de control horario.

3. O previsto nos dous puntos anteriores non será de aplicación ao persoal en servizo de garda, que, segundo o indicado no artigo 2.2 desta resolución, se rexerá pola normativa reguladora do dito servizo.

Artigo 12. Compensacións horarias

1. O cumprimento do horario establecido non xustificará a suspensión ou interrupción de dilixencias ou actuacións procesuais urxentes e inaprazables, e estas horas de prolongación de xornada máis alá do horario fixado computaranse da seguinte maneira:

   a. Cada hora traballada entre as 17 e as 22 horas, de luns a venres, como dúas horas efectivas, ou a parte proporcional correspondente.

      No caso dos postos con observación de violencia sobre a muller de Tribunais de Instancia con seccións de violencia sobre a muller, previa certificación do letrado/a acreditando que se debe a actuacións urxentes, computarase cada hora traballada entre as 15:00 e as 22.00 horas de luns a venres, como dúas horas efectivas, ou a parte proporcional correspondente.

   b. Cada hora traballada a partir das 22 horas ata as 7.30 horas do día seguinte, sábados, domingos e festivos, como dúas horas e media efectivas ou a parte proporcional correspondente.

2. As anteriores compensacións horarias non serán de aplicación durante a prestación do servizo de garda, e tampouco serán aplicables nos supostos nos que a prestación de servizos nas franxas horarias mencionadas sexa consecuencia do cumprimento das xornadas ou horarios especiais que teñan establecidos determinados postos nas relacións de postos de traballo, de acordos de prolongación de xornada retribuída ou, no seu caso, da realización voluntaria da parte flexible do horario.

3. No caso de que as anteriores circunstancias supuxesen un exceso de horas traballadas sobre a xornada mensual a realizar, estas poderán compensarse dentro do horario flexible do mes seguinte a aquel en que se producise o exceso e, de non ser posible, compensarase con días de permiso.

4. O cómputo de horas efectivamente traballadas realizarase por meses naturais.

Artigo 13. Xustificación de ausencias

1. As ausencias e faltas de puntualidade e de permanencia do persoal para as cales se aleguen causas de enfermidade, ou outras de forza maior, requirirán o aviso inmediato á persoa responsable da oficina xudicial, da oficina fiscal, oficina de xustiza no municipio, oficina xeral do rexistro civil, ou do servizo da Administración de Xustiza onde presten servizos, sen prexuízo da súa posterior xustificación. Así mesmo, estes incidentes deberán ser rexistrados polo persoal funcionario que incorra nelas no sistema de control horario establecido no momento da súa incorporación ao posto de traballo.

2. Para o persoal incluído na Mutualidade Xeral Xudicial, non máis tarde do cuarto día dende a ausencia do posto de traballo por razón de incapacidade temporal, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural, deberá presentarse o pertinente parte de baixa no servizo de xustiza do departamento ~~da xefatura~~ territorial correspondente. Así mesmo, tamén se deberán presentar os sucesivos partes de confirmación coa periodicidade que regulamentariamente proceda.

3. A ausencia diaria no posto de traballo e/ou incumprimento da parte fixa do horario por parte do persoal funcionario que non quede debidamente xustificada, dará lugar á dedución proporcional de haberes que corresponda, de acordo co disposto no artigo 500.6 da Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, tras o correspondente trámite de audiencia á persoa afectada.

O incumprimento en cómputo mensual da parte flexible do horario por parte do persoal funcionario, que derive nun incumprimento no tempo de traballo total esixido no mes que corresponda, dará lugar á dedución proporcional de haberes que corresponda de acordo co disposto no artigo 500.6 da Lei orgánica do Poder Xudicial, unha vez que se lle requira por medios fidedignos á persoa afectada que as compense no mes seguinte e esta non o faga ou non xustifique a causa do incumprimento.

4. As ausencias ou faltas de puntualidade no traballo motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada de violencia de xénero consideraranse xustificadas cando así o determinen os servizos sociais de atención ou os servizos de saúde, segundo proceda, sen prexuízo de que as ditas ausencias sexan comunicadas pola funcionaria aos órganos de control establecidos no artigo seguinte.

Artigo 14. Control do cumprimento

A Dirección Xeral de Xustiza e os servizos de xustiza dos departamentos territoriais da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no seu ámbito de competencia, velarán polo cumprimento por parte do persoal ao servizo da Administración de xustiza das xornadas e horarios de traballo establecidos na presente resolución, mediante o sistema de control horario establecido para tal efecto.

Artigo 15. Tempos para a formación

1. A formación ~~aos cursos~~ de carácter obrigatorio a consecuencia da implantación de novas aplicacións informáticas ou doutros medios tecnolóxicos, así como pola ~~a causa da~~ entrada en vigor de reformas legais, organizarase durante a parte fixa do horario, en xornada de mañá.

2. O tempo de asistencia aos cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración de xustiza, así como aos organizados polos sindicatos máis representativos nese ámbito, sempre que foran previamente homologados, realizados en xornada de mañá considerarase tempo de traballo a todos os efectos. Tamén considerarase tempo de traballo a todos os efectos o do persoal funcionario que participe como profesorado nos ditos cursos.

Artigo 16. Publicidade do horario de apertura e traballo

A Dirección Xeral de Xustiza e os departamentos territoriais da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes daranlle a publicidade necesaria aos horarios de apertura das oficinas xudiciais e aos horarios de traballo, de tal forma que se asegure o seu coñecemento tanto por parte dos empregados públicos como por parte da cidadanía.

Artigo 17. Redución de xornada por interese particular

O persoal funcionario poderá solicitar o recoñecemento dunha xornada reducida, ininterrompida dende as 9 ata as 14 horas, de luns a venres, cunha percepción do 75% das retribucións que lle corresponderían polo desempeño da xornada completa.

Non se lle poderá recoñecer esta redución de xornada ao persoal que pola súa natureza e polas características do posto de traballo desempeñado deba prestar servizos en réxime de especial dedicación.

Esta modalidade de xornada reducida será incompatible con outras reducións de xornada.

A concesión da redución de xornada por interese particular estará sempre subordinada ás necesidades do servizo e terá unha duración mínima de tres meses e máxima dun ano, renovable tras a demanda da persoa interesada cunha antelación mínima dun mes á data da finalización.

Por necesidades de xestión do servizo público afectado, o órgano competente en materia de persoal, de oficio, poderá acordar de forma motivada a revogación ou suspensión da redución de xornada, garantindo o dereito da persoa interesada a formular alegacións nun prazo máximo de dez días hábiles dende a comunicación da proposta de revogación ou suspensión.

A concesión da redución da xornada por interese particular queda automaticamente sen efecto no cambio de posto, situación na que debería, se procede, volver a solicitarse.

Disposición derrogatoria

Derrógase a Resolución de 12 de febreiro de 2014 pola que se ditan instrucións relativas ao uso da tarxeta de identificación persoal, ao control do cumprimento da xornada e horarios de traballo e máis á tramitación das solicitudes de vacacións, permisos e licenzas para o persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Disposición derradeira ~~última primeira~~. Vixencia

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Esta resolución manterá a súa vixencia mentres non se publique o seguinte calendario laboral, previamente negociado coas organizacións sindicais representadas na Mesa Sectorial de Xustiza.

O Director xeral de xustiza

José Tronchoni Albert

ANEXO

Mes	Xornadas 2027		Festivos	Horas efectivas de traballo
Xaneiro	Días laborais:	19 días	1 Aninovo	**133,0 h**
	Xornada ordinaria:	133 h	6 Epifanía do Señor (mércores)	
	Parte correspondente ao horario fixo:	104,5 h		
	Parte correspondente ao horario flexible:	28,5 h		
Febreiro	Días laborais:	20 días		**140,0 h**
	Xornada ordinaria:	140 h		
	Parte correspondente ao horario fixo:	110 h		
	Parte correspondente ao horario flexible:	30 h		
Marzo	Días laborais:	20 días	19 San Xosé	**140,0 h**
	Xornada ordinaria:	140 h	25 Xoves Santo	
	Parte correspondente ao horario fixo:	110 h	26 Venres Santo	
	Parte correspondente ao horario flexible:	30 h		
Abril	Días laborais:	22 días		**154,0 h**
	Xornada ordinaria:	154 h		
	Parte correspondente ao horario fixo:	121 h		
	Parte correspondente ao horario flexible:	33 h		
Maio	Días laborais:	20 días	1 Festa do traballo (sábado)(*)	**140,0 h**
	Xornada ordinaria:	140 h	17 Día das Letras Galegas (luns)	
	Parte correspondente ao horario fixo:	110 h		
	Parte correspondente ao horario flexible:	30 h		
Xuño	Días laborais:	22 días		**148,5 h**
(1-15): 7,0 h	Xornada ordinaria:	148,5 h		
(16-30): 6,5 h	Parte correspondente ao horario fixo:	121 h		
	Parte correspondente ao horario flexible:	27,5 h		
Xullo	Días laborais:	22 días		**143,0 h**
6,5 h	Xornada ordinaria:	143 h		
	Parte correspondente ao horario fixo:	121 h		
	Parte correspondente ao horario flexible:	22 h		
Agosto	Días laborais:	22 días		**143,0 h**
6,5 h	Xornada ordinaria:	143 h		
	Parte correspondente ao horario fixo:	121 h		
	Parte correspondente ao horario flexible:	22 h		
Setembro	Días laborais:	22 días		**148,5 h**
(1-15): 6,5 h	Xornada ordinaria:	148,5 h		
(16-30): 7,0 h	Parte correspondente ao horario fixo:	121 h		
	Parte correspondente ao horario flexible:	27,5 h		

Mes	Xornadas 2027		Festivos	Horas efectivas de traballo
Outubro	Días laborais:	20 días	12 Festa Nacional de España (martes)	**140,0 h**
	Xornada ordinaria:	140 h		
	Parte correspondente ao horario fixo:	110 h		
	Parte correspondente ao horario flexible:	30 h		
Novembro	Días laborais:	21 días	1 Todos os Santos (luns)	**147,0 h**
	Xornada ordinaria:	147 h		
	Parte correspondente ao horario fixo:	115,5 h		
	Parte correspondente ao horario flexible:	31,5 h		
Decembro	Días laborais:	19 días	6 Día da Constitución (luns); 8 Inmaculada Concepción (mércores)	**133,0 h**
	Xornada ordinaria:	133 h	24 Noiteboa	
	Parte correspondente ao horario fixo:	104,5 h	25 Natividade do Señor (sábado) (*)	
	Parte correspondente ao horario flexible:	28,5 h	31 Noitevella	
TOTAL:				**1.710,0**
Calendario elaborado segundo o disposto no Decreto 68/2026, do 15 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2027				

Descontos		
	N.º días	**Horas**
Vacacións (a 6,5 h):	11	71,5
Vacacións (a 7,0 h):	11	77,0
Día de permiso adicional (*):	2	14,0
Asuntos particulares (a 7,0 h):	9	63,0
2 festas locais (a 7,0 h):	2	14,0
Festas tradicionais (a 2,5 h):	5	12,5
	Total:	**252 h**

Horas totais anuais:	1.710 h
Descontos:	252 h
Horas efectivas anuais:	1.458 h
Bolsa de horas:	54 h
Total xornada en cómputo anual:	**1.512 h**

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa de Madrid, 2-4, 2ª planta
Polígono das Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 217